

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2015

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas
DÍA: 12 de xaneiro de 2015.
HORA DE COMEZO: 21:00 h.
HORA DE REMATE: 21:45 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 9, 15 E 22 DE DECEMBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 9, 15 e 22 de decembro de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 8 DE XANEIRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/ OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 25.029.- A Juan Carlos Cabaleiro Neira, con enderezo en Paseo Marítimo Rodeira 24- Cangas, para no Souto- Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 95,00 m² de soto, 106,00 e 75,00 m² de planta baixa, de conformidade co proxecto básico, do arquitecto Félix Iribarne Blanco, con data de maio e setembro de 2.014, e que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data 26 de decembro de 2.014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización dos frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 1767,15 euros.

2.A.2) PARCELACIONES URBANÍSTICAS DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 25.318.- LICENZA MUNICIPAL N° 24.163.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística promovido por Angel Iglesias Lorenzo e Outros, que consiste nunha agrupación de catro fincas sitas en O Viso - Hio e segregas dúas parcelas resultantes, autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro de 2.014, advertido un erro na redacción do acordo adoptado, en virtude do disposto no art. 105 da lei 30/92, modifícase a superficie das parcelas resultantes quedando como se describen a continuación, de conformidade co proxecto do arquitecto Javier Rial Lemos, de novembro de 2.014, superficies netas; parcela n° 1 < de 401,80 m², que conta con unha edificación de 169, 92 m² sobre rasante e -321, 44

m2 de edificabilidade e a parcela nº 2 de 396, 00 m2 con unha edificación de 169,92 m2. sobre rasante e 316,80 m2 de edificabilidade.

2.A.3) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.066.- O tramitado a instancia de Miguel Mallo Marcos, para instalación dunha arqueta e apertura de zanja no camiño en Baixada o Colexio Aldán 8-B- Aldan, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 5 de setembro de 2014.

EXPEDIENTE Nº 25.086.- O tramitado a instancia de Maria Eugenia Otero Baqueiro, para construción dunha caseta para garaxe en San Lorenzo 15- Viianova- Hio, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 24 de xullo de 2014.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

MENORES

EXPEDIENTE N° 24.477.- A ELEONOR S.A., con enderezo en Marques de Mondejar 33 - 28028 MADRID, para en Rúa Andalucía - Cangas, executar unha canalización subterránea de 27,00 metros pola beirarrua, de conformidade co proxecto de xaneiro de 2.013 e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestructuras afectadas. Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendos-e emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas..

No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de ELEONOR S.A. o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Esta autorización non implica a instalación de un centro de transformación.

Advertese ademais que o suministro deste servizo ás vivendas do edificio queda condicionada ó outorgamento da á licenza de primería ocupación, e que o Concello pode ordenar o corte do suministro contratado sen existencia previa da lienza de primeira ocupación, de conformidade co previsto na lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galiza.

EXPEDIENTE N° 24.768.- A Francisco Lemos Piñeiro, con enderezo en rúa Navas de Tolosa 24-I°C- Moaña, para en Viño- Nerga, limpiar e substituír os arillos dun pozo artesano, de conformidade coa documentación presentada.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.295.- Manuel Pastoriza Iglesias, edificación adxectiva para garaxe, en Trigás 1- Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.311.- Manuel Miguel Campos Herbello, reparacións exteriores e interiores en vivenda na Estrada Bueu- Piñeiro 41- Aldán

EXPEDIENTE N° 25.314.- Francisco Lorenzo Muro, demolición de tabique e pintura nun local en rúa Real 21- Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.337.- Mercedes Santos Corral, limpeza caños, reparación puntuáis de tellas en vivenda e cerre de portalón en rúa do Arco 11- Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.338.- Manuel Pastoriza Iglesias, suplemento de peche lateral existente, en Trigás 1- Coiro.

3º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

EXPEDIENTE N° 32/2014

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Limens-0 Hio, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: Reconstrucción dun muro de cachotería a menos de 4 metros do eixo do camiño.

Resultando que, con data 7 de xaneiro do 2015 a inspección de obras deste Concello informa que: "comprobada a documentación de comunicación previa n° 24960 presentada por Salvador González Rodríguez para "reparación de peche", considero que a mesma ampara as obras realizadas e polas que se incoou o expediente de reposición da legalidade 32/2014"

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Salvador González Rodríguez, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1 .k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lies concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DIAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións,

documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o Acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente. Así o dispoño en Cangas, o sete de xaneiro do dous mil quince.

Asdo.: José Enrique Sotelo Villar

EXPEDIENTE SANCION ADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 45/2012 PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de outubro do 2013, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de José Manuel Paz Perez, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Verin, n° 4B-Coiro, obras consistentes en realizar un cerco de 20,00 m de lonxitude con dúas fiadas de bloques de formigón e postes de pedra a xeito de celosía ata 1,50 metros de altura e 3 metros do eixo, sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 6 de novembro do 2014 presenta escrito de alegacións, indicando que se precedeu a legalizar a irregularidade antes da finalización do expediente sancionador polo que solicita se tipifique como leve.

Con data 10 de decembro do 2014 o arquitecto municipal informa que "A la vista del informe de inspección de fecha 13 de noviembre de 2014 se interpretan las obras descritas como legalizables, con licencia 23502. De conformidad con lo establecido en el art. 217.4 y la Ley 9/2002 las obras objeto del presente expediente están tipificadas como leve.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como gpave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que José Manuel Paz Pérez, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradua-la sanción a impoñer na súa contía 1250 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

* Impoñer a José Manuel Paz Pérez, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 250 euros, (unha vez reducido o 80 por cento por legalizar as obras antes de finalizar o expediente sancionador) por infracción ó ter cometido obras no lugar de Verin, nº 4B, Coiro, consistentes en realizar un cerco de 20,00 m de lonxitude con dúas fiadas de bloques de formigón e postes de pedra a xeito de celosía ata 1,50 metros de altura e 3 metros do eixo.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

4º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "URBANIZACIÓN DA RÚA NORIA-CANGAS"

Examinada a proposta de alcaldía do día 7 de xaneiro de 2015, de aprobación do expediente de contratación da obra "Urbanización da rúa Noria-Cangas", que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "URBANIZACIÓN DA RÚA NORIA-CANGAS"

Vista a Providencia da Alcaldía de data 17.12.2014 pola que se inicia expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra "Urbanización da rúa Noria-Cangas" cuxo proxecto foi aprobado por resolución de alcaldía de data 12.12.2014.

Visto que polo departamento de Secretaría se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación, e que por Secretaría e Intervención se emitiron os oportunos informes en data 08.01.2014.

Por todo o que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra "Urbanización da rúa Noria-Cangas", xunto aos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar, polo importe de 136.083,44 €, o gasto que para este Concello representa esta contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 153.2.639 do vixente orzamento municipal para o exercicio 2015.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade, debendo invitar a polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

*Cangas, 7 de xaneiro de 2014
O ALCALDE"*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do Sr. Alcalde, de aprobación do expediente de contratación da obra "Urbanización da rúa Noria-Cangas".

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DE AXUDAS

DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2014-2015, POR EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do día 30 de decembro de 2014, do concelleiro delegado de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación de axudas do Servizo de comedor escolar, curso 2014-2015, por emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DE AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2014/2015 POR EMERXENCIA SOCIAL

José Luis Gestido Porto, Concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Ilmo. Concello de Cangas, PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/as de educación infantil-2ª etapa, e de educación primaria do CEIP de Cangas, CEIP do Hío, CEIP de ESPÍÑEIRA e CEIP da Rúa, para o curso 2014-2015."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro delegado de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, segundo o cadro de alumnos/as reflectidos na referida proposta, como beneficiarios do Servizo de comedor escolar do curso 2014-2015, por emerxencia social.

6º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER S/AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do día 30 de decembro de 2014, da concelleira delegada de Sanidade, Servizos Sociais e Muller, referente a aprobación de axudas de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Dolores Gallego Santos, en calidade de concelleira de Sanidade, servizos sociais e muller do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra)

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M. B., con NIE X5937235S e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de CINCOCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (558,33 €) a M. B., con NIE X5937235S."*

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

7º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DAS TARIFAS DO SERVIZO URBANO DE TAXI DE CANGAS PARA O ANO 2015

PROPOSTA DE APROBACION INICIAL DAS TARIFAS DO SERVIZO URBANO DE TAXI DE CANGAS

ANTECEDENTES:

Visto o escrito presentado en data 20 de abril de 2014 por D. José Crespo Boulosa, como Presidente de Taxis Asociación de Autopatronos de Pontevedra capital y Municipios de la Provincia solicitando se proceda á aprobación da tarifa de aplicación no ámbito urbano do Concello de Cangas, adecuada ao uso do aparato contador taxímetro. Así mesmo con igual data presenta estudo económico para a solicitude de tarifas de aplicación urbana no Concello de Cangas.

Con data 26 de xuño de 2014 dictouse resolución de Alcaldía pola que se remite o expediente para a aprobación das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi no Concello de Cangas ao Consello Galego de Transportes, en cumprimento do disposto no artigo 40.4 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia

Con data 04.12.2014 o a Comisión Permanente do Consello Galego de Transportes remitiu informe favorable ás tarifas propostas coas seguintes advertencias:

"Aspectos de Oportunidade: Derivados da actual tramitación pola Dirección Xeral de Mobilidade do proxecto de "Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e | Infraestruturas, pola que se harmoniza o raxime tarifario dos servizos urbanos e interurbanos de transporte público discrecional de viaxeiros en vehículos de turismo que, no caso de entrar en vigor, provocaría as seguintes contradicións ñas tarifas propostas e a necesidade da súa adaptación:

Polo que respecta á tarifa nocturna, faise constar que o proxecto de orde prevé o seu establecemento como un complemento que reflicta unha porcentaxe de incremento sobre a tarifa ordinaria en días laborables.

En relación co suplemento por maleteiro, faise constar que o proxecto de orde prevé que o usuario terá dereito ao transporte gratuito dun vulto por persoa.

Dada a obrigatoriedade de que os vehículos estean equipados cos correspondentes aparellos taxímetro, faise constar que o proxecto de orde prevé, na determinación da

tarifa ordinaria, a inclusión dos seguintes conceptos: valor do paso, tempo de espera e velocidade de cambio de arrastre para unha maior transparencia cara os consumidores na súa publicidade. ".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- O artigo 40 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia sinala:

"1. A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normáis de produtividade e organización e permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

2. A consellería competente en materia de transporte en vehículos de turismo, ouvido o Consello Galego de Transportes, poderá establecer unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicable no conxunto da comunidade autónoma, determinando os conceptos desta estrutura, cuxa cuantificación corresponderá efectuar aos concellos para os seus respectivos ámbitos competenciais.

3. As tarifas poderán ser revisadas periódicamente ou, de maneira excepcional, cando se producise unha variación nos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

4. As tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou, no seu caso, polas entidades competentes das áreas territoriais de prestación conxunta, e as tarifas aplicables aos servizos interurbanos serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.
Para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa á súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, en orde a solicitar as consideracións que estime pertinentes.

En todo caso, a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos.

5. As tarifas serán de obrigada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi e para as persoas usuarias. As administracións competentes adoptarán as medidas oportunas para o debido control da súa aplicación.

6. As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procedese aplicar en determinados servizos.

7. A normativa de desenvolvemento da lei poderá establecer as condicións específicas de cobro anticipado, total ou parcial, dos servizos cando as condicións especiais da súa prestación así o aconsellasen.

Tamén poderá establecerse un réxime de tarifas específicas no suposto de servizos contratados por praza individual. "

Segundo.- O Real Decreto Lei 7/1996 de 7 de xuño sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica sinala no seu Anexo 2 como prezos de ámbito autonómico: "Transporte urbano de viaxeiros"

E á súa vez o Real Decreto 2695/1977 de 28 de outubro, sobre normativa en materia de prezos, establece no seu artigo 6:

"As solicitudes ou comunicacións de aumento de prezos deber indicar, en todo caso:

- a) a descrición do ben ou servizo de que se trate, con expresión, no seu caso, da denominación e marca comercial.
- b) a estrutura de custos, desagregada nos seus distintos componentes.
- c) a descrición do proceso de comercialización.
- d) o prezo ou tarifas vixentes e o novo prezo ou tarifa solicitados ou comunicados.
- e) a xustificación da cuantía dos componentes do custo do ben ou servizo de que se trate.

doutra parte, as referidas solicitudes ou comunicacións de aumentos de prezos deberán ser completadas con tanta información requírase expresamente pola xunta superior de prezos, ou no seu caso, polas comisións provinciais de prezos respectivas. "

O artigo 22 do R.D. 763/1979 sinala: "O Réxime tarifario aplicable aos servizos urbanos e interurbanos regulados neste Regulamento, establecerase polas Administracións en cada caso competentes sobre o servizo, previa audiencia das Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores representativas do sector e as dos Consumidores e Usuarios, sen prexuízo do establecido na lexislación sobre control de prezos "

O artigo 107.1 do TRLRL sinala: "A determinación das tarifas dos servizos que, con arranxo á lexislación sobre política xeral de prezos, deban ser autorizados polas Comunidades Autónomas ou outra Administración competente, deberá ir precedida do oportuno estudo económico. Transcorridos tres meses desde a data de entrada do expediente na Administración autorizante sen que recáese resolución, as tarifas entenderanse aprobadas.

Terceiro.- Respecto dos taxímetros a Lei 4/2013 establece no seu artigo 41: "7. Os vehículos que prestan os servizos de taxi, urbano e interurbano, deben estar equipados cun aparello taxímetro debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, a fin de determinar o prezo de cada servizo.

A disposición de taxímetro non será obrigatoria nos concellos de menos de 10.000 habitantes que non estean integrados nunha área territorial de prestación conxunta, salvo que o concello establecese a súa obrigatoriedade atendendo a circunstancias tales como o carácter turístico do municipio, o incremento estacional da súa poboación, a petición da maioría dos titulares de licenza de taxi existentes no municipio ou outras causas justificadas.

Os novos taxímetros que se instalen a partir da entrada en vigor da presente lei haberán de incorporar impresora de factura. "

Respecto da súa entrada en vigor fixa na Disposición Transitoria décima: "1. Nos concellos que na actualidade non teñan establecida a obrigaón de dispor de taxímetro para realizar servizos de taxi, e leste resultase de aplicación segundo o establecido na presente lei, as persoas titulares de licenzas de taxi disporán dos seguintes prazos para proceder á súa instalación e posta en funcionamento:

- a) Concellos de 20.000 ou máis habitantes: un ano desde a entrada en vigor da presente lei.
- b) Concellos de menos de 20.000 habitantes: dous anos desde a entrada en vigor da presente lei."

A entrada en vigor da devandita norma produciuse o 15 de xullo de 2013.

Cuarto.- O órgano competente para a aprobación das tarifas é o Alcalde, pola competencia residual do artigo 21.1.sj da Lei 7/85, ao non estar atribuída a outro órgano. En todo caso o Alcalde, de conformidade co decreto de 16 de xuño de 2011, pode delegar na Xunta de Goberno Local todas aquelas cuestións puntuais da súa competencia, que desexe someter a estudo, consideración ou resolución do sinalado órgano colexiado.

En canto á súa tramitación, unha vez aprobada por Resolución de Alcaldía debe exporse ao público, previo anuncio no BOP e darse traslado ás Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores representativas do sector e as dos Consumidores e Usuarios.

Esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, PROPON á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar inicialmente as tarifas do servizo urbano de taxi de Cangas para o ano 2015 (IVA do 10% incluído) co seguinte detalle:

TARIFA DIÚRNA: Aplicable en días laborables de 06:00 h a 22:00 h.

TARIFA NOCTURNA: Aplicable en días laborables de 22:00 h a 06:00 h, sábados desde as 15:00 h, domingos, festivos (locáis e autonómicos) 24 e 31 de Decembro.

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA DIURNA IMPORTE

Percepción mínima

(Inclúe percorrido de 1.500 metros ou tempo equivalente) 3,75

Km recorrido 1,07

Hora de espera 16,66

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA NOCTURNA IMPORTE

Percepción mínima

(Inclúe percorrido de 1.500 metros ou tempo equivalente) 4,50

Km. Recorrido 1,28

Hora de espera 19,86

SUPLEMENTOS IMPORTE

Bultos o maletas

(excepto sillas de minusválidos e sillas de nenos) 0,60

Traslado de mascotas (excepto cans guía) 1,00

Segundo.- Someter a exposición pública as presentes tarifas, previo anuncio no BOP

Terceiro.- Dar traslado ás Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores representativas do sector e as dos Consumidores e Usuarios e remitir á Xunta, para a emisión de informe pola Comisión Xeral de Prezos de Galicia.

Cangas, 7 de xaneiro de 2014

O CONCELEIRA SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

María Luisa Prieto Rial

8º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓNS VARIAS

8.A) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Examinada a solicitude presentada o día 10.12.14 por ISABEL AGULLA RÍOS, con DNI nº 35.296.321-S, na que indica que por concederlle a baixa do sinal de pasaxe

permanente nº 701 en Rúa San José, nº 94-Cangas, procede seguir pasando ao cobro a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, polo que indica que non existe garaxe porque se trata de entrada de taller.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda reiterarlle á Sra. Agulla Ríos, que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

8.B) ESCRITO DO SERVIZO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS S/SINALIZACIÓN HORIZONTAL NA AVDA. DE VIGO, Nº 80

Visto o escrito do día 11.12.14 do Servizo Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, referente a contestación da solicitude de sinalización horizontal con liña discontinua na Avda. de Vigo, nº 80-Cangas, acordada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas o día 20.10.14, e no que se indica a improcedencia do solicitado por tratarse dun treito urbano cunha intensidade media de 9.060 vehículos diarios.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do escrito de referencia.

SUBVENCIONES

9º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, S/ CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA, CON CARGO AO PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL 2014, SECCIÓN ACTIVIDADES PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE NÚMERO 2014003732, DENOMINADA "ACTIVIDADES DE MAIORES 2014"

Visto o escrito do día 29.12.14 do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica ao Concello de Cangas da concesión dunha axuda económica por importe de CATRO MIL EUROS (4.000,00 €), con cargo ao Programa de Acción Municipal-2014, Sección Actividades, para financiamento da execución da actividade nº 2014003732, denominada "ACTIVIDADES DE MAIORES-2014".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do escrito de referencia.

10°.- DAR CONTA DO ESCRITO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, S/ SUBVENCIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015, POR IMPORTE DE 309.500,38 €

Visto o escrito do día 26.12.14 do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica ao Concello de Cangas da concesión dunha subvención por importe de TRESCENTOS NOVE MIL CINCOCENTOS EUROS CON TRINTA E OITO (309.500,38 €), para a realización de investimentos e o financiamento do gasto corrente que propoña o concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do escrito de referencia.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

11°.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

11.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
ANCHELERGUES E ASOCIADOS, S.L. Gran Vía, 108-bloque II-6F VIGO	AVAL	14.326,62 €	OBRA "ACTUACIÓNS NA REDE DE SUMIDOIROS NA PARROQUIA DO HÍO"
EDUARDO MARTÍNEZ CADABÓN R/David Cal, 40-Vilariño 36.948-O Hío CANGAS	FIANZA	300,00 €	EXPEDIENTE DE OBRAS NÚM. 22.459

12°.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DIRECTA DA PÓLIZA DE SEGUROS DE ACCIDENTES COLECTIVOS PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE CANGAS

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Dada a necesidade deste Concello de contratar unha póliza de seguros que cubra os riscos derivados da actividade municipal e en concreto, un seguro de accidentes colectivo para o persoal do Concello.

Visto que, tramitado o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, de diversas pólizas de seguro para a cobertura de diversos riscos entre os que se incluíu, como lote núm. 3 "Póliza de seguro de accidentes", o sinalado lote quedou deserto por non presentar oferta ningunha das empresas invitadas a participar no procedemento.

Visto que se considera imprescindible efectuar a contratación de tal póliza de seguro.

Visto que segundo a información facilitada por U.T.E. WILLIS-BBVA BROKER, coa que o Concello de Cangas ten contratado o servizo de asesoramento e mediación de seguros privados, a proposta economicamente máis vantaxosa é a realizada pola empresa MARKEL España, International Insurance Company Limited

O prezo do contrato ascendería á cantidade de 1.425,00 euros.

Dados os antecedentes e características indicadas parece que o procedemento máis adecuado é o do contrato menor.

Visto que consta no expediente acreditación da existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa MARKEL España, International Insurance Company Limited o contrato menor de seguro de accidentes colectivo para o persoal do Concello de Cangas, por período de un ano e nos termos establecidos no Prego de Cláusulas administrativas e de Prescricións Técnicas aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 9 de decembro de 2014.

SEGUNDO. Autorizar e dispoñer o gasto con cargo ás partidas correspondentes do vixente orzamento de gastos por importe de 1.425,00 euros.

TERCEIRO. Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da sinatura do presente acordo, requeríndolle para que presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario
- Documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

13º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DIRECTA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE, HIXIENE E ERGONOMÍA PARA O CONCELLO DE CANGAS.

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

14º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE VARIAS PÓLIZAS DE SEGUROS DO CONCELLO DE CANGAS, LOTE Nº 1 "PÓLIZAS DE RESPONSABILIDADE CIVIL/PATRIMONIAL DO CONCELLO DE CANGAS" E LOTE Nº 2 "PÓLIZAS DE SEGURO DA FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS"

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do "contrato de varias pólizas de seguro do Concello de Cangas". O contrato dividiuse en tres lotes:

- Lote n.º 1: Póliza de responsabilidade civil/patrimonial do Concello de Cangas.
- Lote n.º 2: Póliza de seguro da flota de vehículos municipais.
- Lote n.º 3: Póliza de seguro de accidentes.

Visto que iniciada a licitación e de conformidade co certificado de Secretaría de data 23 de decembro de 2014, unicamente se presentaron á licitación as seguintes empresas:

- Lote n.º 1: MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.
- Lote n.º 2: MAPFRE FAMILIAR, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A
- Lote n.º 3: Deserto

Visto que, presentada unha sola empresa á licitación dos lotes 1 e 2, non foi necesario celebrar a Mesa de Contratación.

Visto que efectuado requerimento en data 29.12.14 (Rex. de Saída núm. 2358) tanto MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS como MAPFRE FAMILIAR presentaron en tempo e forma a documentación que se lie requiriu, relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrlgas tributarias e coa Seguridade Social, de ter pagado os gastos que lie corresponden do anuncio de licitación, e que así mesmo constituiron garantía definitiva en forma de seguro de caución.

Examinada a documentación achegada e de conformidade co establecido na disposición adicional 2a do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. con CIF n.º A-28725331 o contrato de seguro de Responsabilidade civil/patrimonial do Concello de Cangas (Lote n.º 1) tramitado mediante procedemento negociado con publicidade e autorizar e dispoñer o gasto por importe de 14.776,00 euros anuais con cargo á partida correspondentes do vixente orzamento de gastos.

Segundo.- Adxudicar á empresa MAPFRE FAMILIAR, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. con CIF n.º A-28141935 o contrato de seguro da flota de vehículos municipais do Concello de Cangas" (Lote n.º 2) tramitado mediante procedemento negociado con publicidade e autorizar e dispoñer o gasto por importe de 8.256,00 euros anuais con cargo á partida correspondentes do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á empresa MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. e a MAPFRE FAMILIAR, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. e citar aos seus representantes para a sinatura do contrato.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

15º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DE DATA 22/04/2014 E PROVIDENCIA DE DATA 18/12/2014 RECAÍDOS NA EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 33/2013 (EX PA 218/2011) TRAMITADA NO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.e 3 DE PONTEVEDRA A INSTANCIAS DE ADRIÁN MALVIDO MENDUÍÑA (X-II/31)

Vista que por auto de data 22/04/2014 recaído no procedemento de Execución de Títulos Xudiciais 33/2013 derivada do Procedemento Abreviado n.º 218/2011 tramitado no Xulgado do Contencioso- Administrativo n.º 2 3 de Pontevedra a instancias de Adrián Malvido Menduía se dispuxo:

"Fixar a indemnización polos prexuízos sufridos polo executante Don Adrián Malvido Menduía, con motivo da declaración de inexecutabilidade formulada nesta peza polo

Concello de Cangas con respecto a sentenza de 7 de xaneiro de 2013 deste xulgado no PA 218/2011, na contía total de 4.550,10 euros, que corresponderá o seu abono ao Concello de Cangas, máis os xuros legáis dende a presente resolución ata o seu completo pago."

Visto o contido da providencia de data 18/12/2014 recaída no citado procedemento que dispon:

"Visto o anterior escrito de data 10.12.2014, presentado polo procurador Pedro Sanjuán Fernández, no que se acepta como data límite para o pago do principal máis os xuros de demora o día 31 de xaneiro de 2015, acordo:

Aceptar o prazo proposto e estar a espera do seu cumprimento polo Concello de Cangas, con expreso apercibimento ao seu Alcalde sobre a imposición dunha multa de 1.000 euros para o caso de non cumprir co pago dentro do prazo.

Servindo a notificación da presente resolución de requirimento en forma."

Visto que o cálculo dos xuros legáis a abonar ascendería a 132,76 euros.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento do auto de data 22/04/2014 así como da providencia de data 18/12/2014 recaídos no procedemento de Execución de Títulos Xudiciais 33/2013 derivada do Procedemento Abreviado n.2 218/2011 tramitado no Xulgado do Contencioso-Administrativo n.2 3 de Pontevedra a instancias de Adrián Malvido Mendiña.

Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de 4.682,86 € a favor de don Adrián Malvido Mendiña NIF 78739088Z, dos cales 4.550,10 € se corresponden coa indemnización fixada no auto de 22/04/2014 e irán a cargo da partida 130-131 do orzamento de gastos do ano 2015 e os 132,76 € restantes como xuros legáis irán a cargo da partida 130-352 dos mesmos orzamentos.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico, dando conta a Tesourería da comunicación ao Xulgado.

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA N.9 217/2014 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.2 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 314/2013 (X-13/28)

Vista a Sentenza n.9 217/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.9 1 de Pontevedra no Procedemento Abreviado 314/2013 instruído a instancia de don José Luís González Blanco en reclamación de responsabilidade patrimonial.

Visto que a sentenza estima parcialmente o recurso e condena ó Concello de Cangas a abonarle ao reclamante a cantidade de 873,56 € en concepto de indemnización polos danos causados.

Visto que o Concello ten subscrita unha póliza de seguro con MAPFRE para a cobertura destas contingencias, cunha franquía de 300 €.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza n.9 217/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.9 1 de Pontevedra no Procedemento Abreviado 314/2013 instruído a instancia de don José Luís González Blanco en reclamación de responsabilidade patrimonial.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de 300 € a favor de don don José Luís González Blanco NIF 34252016-W con cargo á aplicación 920.226.99 do orzamento de gastos do ano 2015.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico, así como a aseguradora MAPFRE.

A) DACIÓN DE CONTA DA...

Dase conta de sentenza n° .../20... ditada polaSala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída noauto de recurso de apelación n° .../... e procedemento ordinario n° .../20..., promovida por "...".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza n° .../20... ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no auto de recurso de apelación n° .../... e procedemento ordinario n° .../20..., promovida por "...".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento..... Urbanismo.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente